

Novo caso de abandono

Unha tartaruga de Florida capturada no campus



M. P.-C. | Vigo

A lentitude de movementos e atordamento propios da fin do período de hibernación permitiu a captura dunha femia de tartaruga de Florida na lagoa da Facultade de Filoloxía e Tradución. O último avistamento do exemplar por persoal da Oficina de Medio Ambiente produciuse na fin do ano 2001. Ata entón numerosas tentativas infructuosas de apresamento foron realizadas polos técnicos da Oma que mesmo instalaran nasas nas augas da charca sen resultado ningún. A pasada semana César Ayres, do laboratorio de Ecoloxía Evolutiva facíase co exemplar, de quince centímetros e medio quilo de peso, mentres este tomaba o sol. O do sapoconcho constitúe un novo caso de animal abandonado polos seus donos nas Lagoas-Marcosende, sen reparar no dano que a súa adaptación poida causar nas especies autóctonas.

“A proba é o bo estado desta tartaruga. O risco xa non é que ataque a outros individuos, xa que de adultas tenden a ser herbívoras; senón que supoña unha competencia na alimentación que desprace aos individuos locais”, explica Ayres. O experto nestes réptiles asegura que ao perigo de concorrencia cos seus conxéneros galegos, súmase o de eliminación de determinada vexetación acuática, imprescindible para as postas de ovos dalgúns anfibios e peixes; ou, incluso, a de transmisión de enfermidades.

Abandono

O galápago, malia constituír unha anécdota, insírese no crecente número de animais alleos detectados no campus. O técnico da Oficina de Medio Ambiente, Julián Comesaña, subliña unha vez máis “a obriga dos cidadáns para coas súas mascotas. Se alguén non vai poder facerse cargo dunha tartaruga, non debe mercala”. No mesmo senso, Comesaña salienta a gravidade da aparición de cabalos e cans sen amo entre as escolas e facultades. “Nos últimos tempos houbemos de chamar reiteradamente ao Concello e á protectora de animais dado o aumento da poboación canina, mentres que dos exemplares equinos tivemos que sacrificar un, por mor das malas condicións que presentaba”. Así, a Oficina de Medio Ambiente fai un chamamento á comunidade universitaria a comunicarlle calquera caso de desleixo de animais observado en